

1º CONCURSO DE RELATO FILOSÓFICO

“O FEDRO de PLATÓN” - 2021

PRESENTACIÓN DO TRABALLO

- Constrúe unha disertación, un discurso ou un relato PROPIO sobre o <amor>
- Podes cinguirte, voluntariamente, en todo ou en parte, a unha/varias/todas estas liñas de reflexión:
 - a percepción do amor ao longo do tempo e da historia
 - amor e imaxe
 - amor, amizade, fraternidade
 - construción social do amor
 - amor e linguaxe
- O concurso vai dirixido ao alumnado matriculado no centro en 3ºESO, 4ºESO e Bacharelato; ás/aos nais/pais con nenos/nenas matriculados no centro, e ao profesorado e persoal non docente do centro (agás o profesorado do departamento de Filosofía).

BASES DO CONCURSO

ASPECTOS FORMAIS DO TRABALLO E TEMPOS

- 1 Presentaranse en sobre pechado tamaño DIN-A-3, baixo pseudónimo. O pseudónimo elixido deberá ser o nome dun/ha filósofo/a ou literato/a seguido dun número de cinco cifras.
- 2 O sobre que conteña o traballo deberá ter escrito por fora só o dito número de cinco cifras.
- 3 O sobre conterá o traballo presentado xunto cun sobre pechado pequeno, o cal conterá escrito por fora o pseudónimo, o número de cinco cifras e máis <Modalidade> A, B, C ou D segundo corresponda. Este sobre pequeno conterá no seu interior o nome real do/a autor/a real que presenta o traballo.
- 4 No momento de declarar os premios públicamente, so se abrirán os sobres pequenos das persoas ganadoras, e o resto de sobres destruíranse.
- 5 Cada persoa pode presentar un único traballo.
- 6 A extensión máxima do traballo será de ata tres páxinas, en letra tipo Arial, tamaño 12 e espazo 1,5.
- 7 Os traballos deixaranse na caixa habilitada para tal efecto na conserxaría do centro.

- 8 A data última de entrega será o venres 5 febreiro ás 20:00 horas. O xurado valorará os traballos presentados entre o 6 e o 11 de febreiro, e a publicación das persoas gañadoras, xunto coa entrega de premios, será o venres 12 de febreiro. Ese día abriranse os sobres cos nomes reais das persoas gañadoras e farase a entrega de premios. O resto dos sobres destruíranse.
- 9 Os traballos gañadores expóranse (co permiso das persoas autoras) no panel de exposicións do centro.
- 10 Garántese o segredo dos traballos presentados nos termos destas bases.

XURADO

Estará composto por dous docentes xubilados/as que pertenceran ao centro, máis un/ha membro do departamento de Filosofía, que valorarán os traballos presentados de acordo cos seguintes criterios:

- I. Orixinalidade do discurso.
- II. Conexión interna do relatado e retórica
- III. Recursos bibliográficos
- IV. Capacidade crítica
- V. Corrección gramatical e ortográfica

PREMIOS

- Concederáse un premio para cada unha destas catro modalidades:
 - Modalidade A: Alumnado 3ºESO e 4ºESO
 - Modalidade B: Alumnado de bacharelato
 - Modalidade C: Nais e pais.
 - Modalidade D: Profesorado e persoal non docente.
- Para as modalidades A e B o premio deste ano consistirá nunha edición de calidade da obra *O arte de amar* de ERICH FROMM, xunto cun vale de 50 euros para investir nunha tenda deportiva da comarca.
- Para as modalidades C e D o premio deste ano consistirá nunha edición de calidade da obra *O arte de amar* de ERICH FROMM.